

An aerial, black-and-white photograph of a coastal city during World War II. The harbor is filled with numerous large and small ships. The city's buildings are mostly destroyed or in ruins. In the foreground, a group of soldiers in dark uniforms is walking across a debris-strewn area. The text 'A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL (1939-1945)' is overlaid in large, bold, yellow letters in the center of the image.

A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL (1939-1945)

1939

MES	TERRITORIO AGREDIDO	ESTADO AGRESOR
MARZO	Bohemia, Moravia	Alemania
MARZO	Rutenia (Checosl.)	Hungría
MARZO	Memel (Lituania)	Alemania
ABRIL	Albania	Italia
SETEM.	Polonia	Alemania, URSS
NOVEM.	Finlandia	URSS

1939: Invasión de Polonia



Panzerdivisionen



1. Esgotados todos os recursos políticos para resolver polo camiño pacífico a inadmisíble situación de Alemaña na súa fronteira oriental, decidínme por unha solución extrema.
2. O ataque contra Polonia executárase de acordo coas disposicións previstas para o "Caso Branco". Data do ataque: 1 outubro 1939. Hora: 4,45. Esta hora tamén é segura para as operacións Gdynia-Baía de Dantzig e a ponte de Drischau.
3. No Oeste convén que a apertura de hostilidades corresponda inequivocamente a Inglaterra e Francia.


HITLER, A., Comandante en Xefe da Wehrmacht, *Orde nº1 para o Mando Estratéxico*, Berlín, 31 agosto 1939.

TRIUNFOS DO EIXE (1939-1942)

➤ Invasión de Polonia e Finlandia

- 1 setembro 1939: Alemaña invade Polonia
- 3 outubro: Francia e Gran Bretaña declaran a guerra
- Avance rápido alemán → “guerra lóstrego” (*blitzkrieg*)
- Invasión rusa de Polonia oriental
- Invasión de Finlandia pola URSS → bases no Báltico

SEE! WE'RE Q-QUITE SAFE IF WE K-KEEP QUIET...



1940

MES	TERRITORIO AGREDIDO	ESTADO AGRESOR
ABRIL	Dinamarca, Noruega	Alemaña
MAIO	Holanda, Francia, Bélxica, Gr.Bretaña	Alemaña
XUÑO	Besarabia e Bucovina (Romanía)	URSS
XULLO	Estonia, Letonia	URSS
AGOSTO	Lituania	URSS
	Transilvania (Rom.)	Alem., Hungría
	Dobrudja (Rom.)	Alem., Bulgaria
SETEM.	Exipto	Italia (Al. IV-1941)
OUT.	Grecia	Italia (Al. IV-1941)


➤ **Fronte occidental**

- 1940: Ocupación alemana de Dinamarca e Noruega (abril)
 - Obxectivo: Francia
 - Ataque sobre Holanda e Bélxica (Plan de von Manstein)
 - Avance rápido polas Ardenas (tanques+aviación)
 - Maio-Xuño → Capitulacións de Holanda, Bélxica, Francia
 - División de Francia
 - NO → Ocupación alemana
 - Interior / S. → Goberno de PÉTAIN
 - DE GAULLE → Resistencia

Posición británica ante a ameaza nazi

Eu diríalle á Cámara, como lles dixen a todos os que se incorporaron a este goberno: Non teño nada máis que ofrecer que sangue, esforzo, suor e bágoas. Temos ante nós moitos, moitos longos meses de combates e sufrimento. Preguntádesme ¿Cal é a nosa política? Diréivolo. Facer a guerra por mar, por terra e por aire (...) facer a guerra contra unha tiranía horrible, nunca superada no tenebroso e lamentable catálogo dos crimes humanos. Esta é a nosa política. Preguntádesme ¿Cal é a nosa aspiración? Podo responder nunha palabra: vitoria, vitoria a toda costa, vitoria a pesar de todo o terror, vitoria por longo e duro que poida ser o seu camiño, porque sen vitoria non hai supervivencia. (...) pero asumo a miña tarefa con ánimo e esperanza. Neste tempo síntome autorizado para reclamar a axuda de todas as persoas e dicir: vide, pois e vaíamos xuntos adiante coas nosas forzas unidas.

CHURCHILL, W., *Discurso de toma de posesión* como 1º ministro ante a Cámara dos Comúns, 13 maio 1940.



Blitzkrieg

The fall of the Low Countries and France, May-June 1940



MENSAXES RADIOFÓNICAS DO MARISCAL PÉTAIN

Franceses: a petición do Presidente da República, asumo a partir de hoxe a dirección do goberno de Francia. Co corazón oprimido digo que imos intentar parar o combate.

(16 xuño 1940)

Pedinlle aos nosos adversarios que se poña fin ás hostilidades. Tomei esta decisión, dura para o corazón dun soldado porque a situación obrigaba (...) vouvos dar as razóns: O 1 de maio de 1917, tiñamos aínda 3.280.000 soldados. Na véspera da batalla actual tiñamos 500.000 menos. A inferioridade do noso material era aínda maior que a dos nosos efectivos. A aviación francesa librou os seus combates en proporción de un contra seis. Menos fortes ca hai 22 anos temos tamén menos amigos, carencia de soldados, carencia de armas, carencia de aliados.

(20 xuño 1940)

Pola honra e o mantemento da unidade francesa hoxe entro na vía da colaboración. Así proximamente poderá ser aliviado o peso dos sufrimentos do noso país, mellorada a sorte dos nosos prisioneiros, atenuada a carga dos gastos de ocupación.

(30 outubro 1940)



Ce que nous
a coûté
la poignée
de main

**NOS FUSILLÉS
NOS DÉPORTÉS
NOS MARTYRS**

exigent
une seule justice :



LA MORT
POUR
Pétain l'hitlérien

Association Nationale des Familles de Fusillés.
Association Nationale des Victimes du Nazisme.
Secours Populaire de France.
Association Nationale des Amis des F. T. P. F.

De Gaulle



**Ch. de GAULLE,
*Chamada ao pobo
francés desde
Londres, 18 xuño 1940***

Os xefes que, desde hai longos anos, están á cabeza dos exércitos franceses formaron un goberno. Este goberno, alegando a derrota dos nosos exércitos púxose en contacto co inimigo para deter o combate. Pero, ¿díxose a derradeira palabra? ¿É definitiva a derrota? ¿Debe desaparecer a esperanza? Non... ¡Francia non está soa! ¡Non está soa! ¡Non está soa! Esta guerra non está limitada ao desgraciado territorio do noso país. Esta guerra é unha guerra mundial.

Eu, o xeneral De Gaulle, actualmente en Londres convido aos oficiais e aos soldados franceses que se atopen en territorio británico, aos enxeñeiros e aos obreiros especializados das fábricas de armamentos a poñerse en contacto connigo. Suceda o que suceda, a chama da resistencia francesa non debe extinguirse e non se extinguirá. (...) Todo non se perdeu porque esta guerra é unha guerra mundial. No universo libre, inmensas forzas aínda non entraron en acción. Un día esmagarán ao inimigo. Cómpre que Francia estea ese día presente na vitoria. Entón volverá a alcanzar a súa liberdade e a súa grandeza. (...) Por iso invito a todos os franceses, estean onde estean, a unirse comigo á acción, no sacrificio e na esperanza.

➤ **Batalla de Inglaterra**

- CHURCHILL pide axuda a EEUU
- Bombardeos continuos da Luftwaffe contra Inglaterra (1940)
 - ↳ Necesidade de detección anticipada ⇒ radar

➤ **Europa Oriental e Balcáns**

- URSS ocupa Besarabia e Bucovina (cedidas por Romania)
 - ↳ Invade Estonia, Letonia e Lituania
- Romania cede territorios obrigada por Hitler → Transilvania a Hungría
→ Dobrudja a Bulgaria
- Italia invade Grecia
- Iugoslavia desaparece como Estado unitario → Serbia e Croacia

Batalla de Inglaterra (desde xullo 1940)





**Quixera repetirle á Cámara o que xa dixen aos Membros
deste Goberno: Nada teño que ofrecer, só sangue,
sufrimentos, suor e bágoas.**

Discurso de W.CHURCHILL, 13 maio 1940.

Polo de agora unicamente lle pido que proclame a non belixerancia, o que significa que vostedes poderán axudarnos en todo, agás con forzas armadas. A primeira das nosas necesidades consiste en 40 ou 50 destrutores vellos que vostede pode cedernos; en segundo lugar, varios centenares de avións dos últimos modelos; en terceiro termo precisamos de equimpos e municións antiaéreos; en cuarto lugar aceiro. Pagaremos en dólares mentres que os teñamos, pero quixera ter unha razoable certidume de que, cando non poiamos seguir pagando, seguiremos, non obstante recibindo os materiais precisos. (...)

En sexto lugar desexaría que vostedes, no Pacífico, mantivesen quietos aos xaponeses, servíndovos de Singapur para a vosa comodidade.

**W.CHURCHILL, Mensaxe ao presidente
Roosevelt, 15-V-1940**

1941

MES	TERRITORIO AGREDIDO	ESTADO AGRESOR
ABRIL	Iugoslavia	Al., Italia, Hungría, Bulgaria
XUÑO	URSS	Alemaña
XULLO	Indochina (Fr.)	Xapón
DEC.	Hawai (EE.UU.)	Xapón
	Hong Kong (Gr.Br.)	Xapón

➤ Norte de África

- Al. quiere romper as comunicacións británicas coas súas colonias atacando as bases mediterráneas: Xibraltar, Malta, Exipto
- Fracasos italianos en Exipto ⇒ Hitler envía reforzos: **Afrika Korps (ROMMEL)** → Avance no N. de África
 - Nov. 1942 → Derrotados polos ingleses (El Alamein, MONTGOMERY)

➤ Invasión da URSS

- Xuño 1941 → *Operación Barbavermella* ⇒ Invasión alemana da URSS
 - ↳ Avance alemán detido ante Leningrado e Moscova
- 1942
 - Ofensiva alemana no Cáucaso (petróleo)
 - Resistencia soviética en Stalingrado ⇒ Vitoria rusa (ZHUKOV)

Norte de África



Rommel – Afrika Korps

Hitler ordenáralle ao xeneral Rommel enfrontarse a Montgomery na liña Mareth (costa de Tunisia). Rommel indeou volver rapidamente desde o SE de Dasserine (centro de Tunisia) e atacar por sorpresa á avanzada de Montgomery. Rommel contoulle ás súas intencións a Desserling mediante o enigma “code machine”. Ás poucas horas o Bletchley Park (centro británico de decodificación de mensaxes) lera o seu plan e comunicoullo a Montgomery. O corpo principal do exército de Montgomery chegou á mañá seguinte a tempo para derrotar a Rommel que abandonou África dous días despois e non volveu xamais.

P.CALVOCORESSI: *Top Secret Ultra.*



1942: Montgomery derrota a Rommel en EL ALAMEIN



1941: Invasión da URSS

As forzas armadas alemanas teñen que estar preparadas para vencer á Rusia soviética nunha rápida campaña antes incluso de que termine a guerra con Inglaterra.

Na rexión occidental de Rusia concéntrase a maior parte do exército ruso, ao que temos que esnaquizar mediante manobras das cuñas blindadas; igualmente, no avance ulterior debe impedirse a retirada dos elementos aínda intactos cara á inmensidade do espazo ruso.

A continuación debe procurarse unha rápida persecución ata alcanzar unha liña desde a cal a aviación rusa non poida atacar os territorios do Reich con efectividade.

Desta maneira, a flota rusa do Báltico perderá rapidamente as súas bases e a súa capacidade de combate.

Cando se inicie a guerra contra Rusia contaremos coa participación activa de Rumania e Finlandia nos flancos da nosa operación.

Cuartel Xeral de Hitler, 18-XII-1940



Onde queira que as unidades do exército vermello se vexan forzadas a retirarse, toda propiedade valiosa, sexa en gran, combustible, metais non ferrosos, etc. que non resulte susceptible de evacuación, deberá ser destruída.

Nos territorios ocupados polo inimigo deben organizarse destacamentos de partisanos para voar e destruír as pontes e as estradas, tendidos telefónicos e telegráficos, para incendiar os bosques, os depósitos, os convois. Nas zonas ocupadas, cómpre crear ao inimigo e aos seus cómplices unha situación insoportable.

STALIN, *Chamamento ao pobo ruso*, 3-VII-1941.



**Agosto 1942-Febrero 1943:
Resistencia soviética en Stalingrado → Victoria de ZHUKOV**

Non podemos nin tan só repregarnos cara ás nosas posicións, xa que os homes caen esgotados. É o cuarto día que non puideron comer nada. Que podo responder eu, comandante do exército, se un soldado vén e me di: “Coronel, un bocado de pan, por favor! Xa comemos os derradeiros cabalos”? Podería ter imaxinado vostede os soldados precipitándose sobre o cadáver dun cabalo para lle cortar a cabeza e devorarlle o cerebro cru? Como podemos continuar combatendo cos soldados que non teñen nin tan siquiera roupa de inverno? Quen foi o home que asumíu a responsabilidade de declarar que era posible garantir de novo o avituallamento por aire?

Declaración do coronel Von Paulus en Stalingrado.


LA EXPANSIÓN DEL EJE

- Alemania
- Anexiones alemanas antes de septiembre de 1939
- Conquistas alemanas (septiembre 1939-septiembre 1942)
- Italia
- Anexiones italianas
- Estados aliados del Eje
- Bajo control británico (septiembre 1942)
- Estados neutrales

Ofensivas del Eje

- 1939
- 1940
- 1941
- 1942

- Territorio francés controlado por el gobierno de Vichy
- Territorio controlado por la URSS



1942


MES	TERRITORIO AGREDIDO	ESTADO AGRESOR
XAN.	Filipinas (EE.UU.)	Xapón
FEBR.	Singapur (Gr.Br.)	Xapón
MARZO	Indonesia (Hol.)	Xapón
	Nova Guinea-Salomón (Australia)	Xapón
ABRIL	Birmania (Gr. Br.)	Xapón

➤ Guerra no Pacífico

- Ocupación da Indochina francesa ⇒ Sancións económicas de EEUU a Xapón
- 7 decembro 1941 → Ataque xaponés a PEARL HARBOUR (Hawai)
 - ↳ EEUU e Gran Bretaña declaran a guerra a Xapón
 - ↳ Alemaña e Italia declaran a guerra a EEUU
- Rápido avance nipón no Pacífico: Hong Kong, Filipinas, Singapur, Indonesia, Nova Guinea, illas Salomon, Birmania
 - ↳ Detención do avance → Batalla do MAR DO CORAL
 - Batalla de MIDWAY (1942).

Guerra no Pacífico

Photo # NH 94378 USS West Virginia and Tennessee during the Pearl Harbor attack, 1941




Ataque xaponés a Pearl Harbor, 7 decembro 1941

Confiamos en eliminar o perigo do Xapón, mais isto de pouco nos serviría se, despois, atopasemos o resto do mundo dominado por Hitler e Mussolini. Gañaremos esta guerra e gañaremos a paz que seguirá.

E nas horas difíciles deste día e durante os días sombríos que poidan vir, saberemos que a vasta maioría dos membros da raza humana están ao noso carón. Moitos deles loitan connosco. Todos eles pregan por nós. Pois ao representar a nosa causa, representamos tamén a súa, a nosa esperanza de acadar a liberdade baixo Deus.

F.D.ROOSEVELT, Discurso radiofónico. *Declaración de guerra a Xapón*, 9 decembro, 1941.



Xuño 1942: Batalla de Midway


Guadalcanal (Febr. 1943) → Inicio da ofensiva aliada no Pacífico.



VIRAXE DA GUERRA E VITORIA DOS ALIADOS (1943-1945)

➤ **Campaña de Italia**

- Desembarco aliado en Sicilia
- Destitución de Mussolini (1943)
- Armisticio e declaración de guerra a Alemaña
- *República Social Italiana* en Saló (1943) con protección de Alemaña
- Enfrontamento dos partisanos aos fascistas
- Avance lento aliado (remate en abril 1945)



LAS OFENSIVAS ALIADAS EN EUROPA

 Territorios controlados por el Eje (máxima expansión)

 Territorios controlados por la URSS (noviembre 1942)

 Territorios controlados por los occidentales (Gran Bretaña, EE UU, noviembre 1942)

 Estados neutrales

 Ofensivas soviéticas

 Ofensivas occidentales

 Frentes de batalla

 Principales batallas



➤ **Fronte Oriental**

- Retroceso alemán na URSS despois da derrota en Stalingrado
- Bombardeos aéreos sobre Alemaña → cidades arrasadas

➤ **Desembarco de Normandía e rendición de Alemaña**

- 6 xuño 1944: *OPERACIÓN OVERLORD* (EISENHOWER)
 - ⇒ Desembarco de Normandía (*día D*)
- Avance aliado cara a París
- 2º desembarco en Provenza ⇒ expulsión das tropas alemanas
- Contraofensiva alemana e bombas voantes contra Londres sen efecto
- 1945: Os aliados cruzan o Rhin
- URSS ocupa os Balcáns e liberan Iugoslavia (Tito)
 - ↳ Ocupación de Polonia e Hungría e chegada a Berlín
- 30 abril: Suicidio de Hitler
- 4 maio: Capitulación de Alemaña

Desembarco de Normandía



Día D
6 Xuño
1944



Baixo o peso dos seus equipos, incapaces de correr na auga profunda, sen protección de ningunha clase, encontráronse baixo o fogo cruzado das ametralladoras e as armas lixeiras. Caían os homes ao bordo da auga, ao longo da praia. Algúns morrían no acto, outros lamentábanse pedindo axuda médica, mentres a marea ascendente os somerxía implacablemente. Desgrazas e desastres caeron sobre as cabezas dos homes de Omaha Beach.

Testemuña do desembarco.

Bombardeo de Dresde (13-15 febr. 1945)




1.300
bombardeiros
lanzaron máis de
3.500 toneladas de
bombas. A cidade
quedou queimada
e calcúlase que
morreron entre
140.000 e 200.000
persoas, máis que
en Hiroshima e
Nagasaki xuntas.

Caída de Berlín



Fin de Mussolini (Abril 1945)



➤ Final da guerra no Pacífico

- 1943: Dobre avance de EEUU:
 - Pacífico Sur (MacArthur)
 - Pacífico Central (Nimitz)
- Conquista americana de illas de importancia estratéxica
- Bombardeos masivos a cidades e centros neurálxicos xaponeses
- 1945 : IWO JIMA / OKINAWA → Resistencia xaponesa (kamikazes)
- 6 agosto: Bomba atómica sobre HIROSHIMA
- 8 ag.: URSS declara a guerra a Xapón ⇒ Invasión soviética de Manchuria, Sakhalin e Kurís
- 9 ag.: Bomba atómica sobre NAGASAKI
- 15 ag.: Hiro-Hito acepta a rendición incondicional
 - ↳ 2 setembro → Asíñase a rendición

Continuación da guerra no Pacífico



Iwo Jima (febr.-marzo 1945)



Okinawa (abril-xuño 1945)



MacArthur en Filipinas Febr. 1945



*Kamikazes contra
un portaavións*

A bomba atómica

No momento en que o tempo ofrezca boa visibilidade para o bombardeo, a partir do 3 de agosto de 1945, o Grupo Independente 509, da 20 Flota Aérea, lanzará a súa primeira bomba especial sobre un dos seguintes obxectivos: Hiroshima, Kokura, Nagasaki ou Niigata. Teñan preparados varios aparatos adicionais como escolta do bombardeiro, para que os oficiais e científicos poidan observar a explosión e os seus efectos.

Resérvese toda información sobre o emprego desta nova arma no Xapón para a Presidencia dos EE.UU. e o Departamento de Defensa. Prohíbese divulgar información ningunha sen autorización do Mando Supremo. Todo comunicado de prensa será enviado ao Departamento de Defensa para a súa censura.

*Comunicación enviada polo Xefe do Estado Maior ao
Comandante en Xefe da aviación estratéxica
estadounidense, 24 xullo 1945.*

Hiroshima

6 Agosto 1945



Ás oito da mañá, o avión, illado e sen escoltas de caza, abriu a comporta do seu depósito de armas. Unha mole sombriza e alongada, freada por un pequeno paracaidas, descendeu en espiral baixo o ceo esplendoroso do verán.

Era a primeira bomba atómica que caía sobre Hiroshima. Destruíu por completo uns 10 quilómetros cadrados do centro da cidade; causou a morte a 105.000 persoas das 245.000 que constituían a poboación, e feriu e abrasou a todas as demais. Das 79.000 casas existentes, 68.000 quedaron destruídas.

P.CLOSTERMAN, "Os kamikaces, última baza do Xapón",
Historia y vida. 1970

Nagasaki

(9 Agosto 1945)



O 28 de xullo o primeiro ministro Suzuki declarou que o Xapón non faría caso da declaración de Postdam, na cal ofrecéramos ao Xapón a alternativa entre a rendición e a inevitable e completa destrución. Os señores da guerra xaponeses presentaron unha resistencia fanática, daquela tomei a miña decisión. Unha decisión que só a min me correspondía. Case inmediatamente despois de ter lanzado a segunda bomba atómica, os xaponeses rendéronse. A máis terrible guerra de toda a historia, que tivera máis de 30 millóns de baixas, chegou ao final.

H.S.TRUMAN, *Mr. Ciudadán*, 1959.

NOVAS FORMAS DE GUERRA

➤ Novas armas e estratexias de combate

- Armas autopropulsadas: tanques, vehículos acoirazados...
- Autonomía dos avións ⇒ ataques a distancia
- Portaavións ⇒ aumenta a dimensión das batallas no mar
- Fundamental na marcha da guerra: industrias e subministro de petróleo
- Nova estratexia → GUERRA LÓSTREGO (tanques+aviación)
- Importancia da aviación ⇒ bombardeos nas fronteiras e á poboación civil
- Novidades: jeep, lanzachamas, lanchas de desembarco, tanques anfibios, radar, sonar, novos tipos de bombas, portaavións
- Propaganda e censura controlada polos contendentes

➤ **Explotación económica dos países conquistados polos nazis**

- Necesidade dos recursos dos territorios ocupados
- Plans de ocupación e explotación sobre todo de Europa Oriental: pago dos gastos militares, deportacións de man de obra para industria e agricultura (Campos de traballo)

➤ **Colaboración e resistencia**

- Importancia da ideoloxía: cruzada contra o comunismo / defensa da democracia
- Guerra interior ⇒ Enfrontamento case civil:
 - colaboracionistas / resistencia
 - fascistas / partisanos
- Forte represión contra a resistencia (Gestapo, SS, campos de concentración)

➤ Xermanización e xenocidio

- Desprazamento de pobos para reocupar territorio con poboación aria en Europa oriental
- Fases do Holocausto:
 - 1) 1933-39 → Discriminación e desposesión dos xudeus
 - 2) 1939-41 → Agrupación dos xudeus en gheto e deportacións
 - 3) 1942-44 → *Solución final* (1942-Conferencia de Wannsee)
- Novo modelo de campo de concentración: exterminio ou explotación da forza de traballo
- Opositores políticos, prisioneiros, homosexuais, enfermos mentais, pobos considerados inferiores (xudeus, xitanos)
- 1933 → 1º campo de traballo: Dachau.
- 1940 → Crecemento do número e dimensión dos campos: Auschwitz, Treblinka, Mathausen
- Xuízos de NUREMBERG

Xuízos de Nuremberg



Crimes contra a humanidade:

asasinato, exterminio, escravitude, deportación e outros actos inhumanos cometidos contra a poboación civil, antes ou despois da guerra; ou persecucións por razóns políticas, relixiosas ou raciais na execución, ou con conexión con algúns dos crimes dentro da xurisdicción do tribunal, violenta ou non as leis internas do país en que teñan sido perpetrados.

Acordo para a persecución dos criminais de guerra, 1945



CONSECUENCIAS DA GUERRA

1. PERDAS HUMANAS

- Extensión mundial da guerra e os seus efectos: invasións, bombardeos, mortes, deportacións, xenocidio, exterminio
- Enorme número de mortos (máis da metade poboación civil): URSS, Polonia, Alemaña, Checoslovaquia
- Desprazamentos de poboación polos cambios de fronteiras

2. EFECTOS MORAIS

- Trauma moral e cuestionamento dos valores éticos: execucións en masa, bombas atómicas, bombardeos masivos...
- Xenocidio e campos de exterminio
- 1945-46: **Xuízos de Nuremberg** ⇒ Definición do concepto de **crimes contra a humanidade**

3. CONSECUENCIAS ECONÓMICAS

- Destrucción de cidades, industrias e infraestruturas, desartellamento produtivo, problemas de aprovisionamento
- Problema das débedas adquiridas durante a guerra
- Fortalecemento da economía dos EEUU e declive de Europa
- URSS segunda potencia mundial $\Rightarrow$ conserva a súa industria e controla Europa Oriental

4. CONSECUENCIAS POLÍTICAS

- Expansión do comunismo $\rightarrow$ Democracias populares en Europa Or. (zona ocupada polo exército soviético)
- Europa Occidental $\rightarrow$ Democracia social de dereito $\Rightarrow$ bases do “Estado do Benestar”

5. CIENTÍFICO-TÉCNICAS

- Acelérase a revolución científico-técnica: química, comunicacións, enerxía nuclear

ORGANIZACIÓN DA PAZ

- 1941 → **CARTA DO ATLÁNTICO**: EEUU, Gran Bretaña ⇒ Bases da futura paz: liberdade, colaboración económica, destrución dos nazis, desarmamento...
- 1942 → **DECLARACIÓN DE WASHINGTON**: EEUU, Gran Bretaña e URSS encabezan unha alianza contra o Eixe
- 1943 → **DECLARACIÓN DE MOSCOVA** ⇒ Proposta dunha organización internacional baseada na igualdade de todos os Estados para o mantemento da paz



Conferencia de Ialta (Febr.1945)

O restablecemento da orde en Europa e a reconstrucción da vida económica nacional deben conseguirse con medios que lles permitan aos pobos liberados destruír os últimos vestixios do nazismo e do fascismo creando institucións democráticas á súa propia elección. É un dos principios da Carta do Atlántico que todos os pobos teñen o dereito de elixir a forma de goberno baixo a que queren vivir, e que os dereitos de autonomía, dos que foron desposuídos grazas á forza polos seus agresores, deben ser restaurados.



- Organización das Nacións Unidas
- Restauración da democracia nos países liberados
- Desmembramento de Alemaña
- Reparacións
- Fronteiras de Polonia
- A URSS conserva territorios e declarará a guerra a Xapón


Conferencia de Potsdam (Xullo 1945)

Os exércitos aliados proceden á ocupación de toda Alemaña, e o pobo alemán comeza a purgar os horribles delictos cometidos baixo a dirección daqueles aos que lles aprobou os triunfos sen reservas e aos que se apresuraron a obedecer as ordes. Hai que extirpar o militarismo e o nazismo alemáns e débense de tomar de común acordo todas as medidas necesarias para que Alemaña non poida ameazar nunca máis aos seus veciños nin poñer en perigo a paz en calquera parte do mundo. Os aliados queren ofrecerlle ao pobo alemán a oportunidade de refacer a súa vida sobre unha base democrática e pacífica.



- División, desarme e desnazificación de Alemaña e Austria
- Fronteiras en Europa centro-oriental
- Confirmación das anexións da URSS
- Fronteiras polacas
- Traslado masivo das poboacións alemanas de Polonia, Checoslovaquia e Hungría

División de Alemaña e Xapón



CAMBIOS TERRITORIALES EN EUROPA, 1945



A O.N.U.

1945: CARTA DE SAN FRANCISCO
Fundación da Organización das
Nacións Unidas



Carta das Nacións Unidas


Art. 1. Os propósitos das Nacións Unidas son:

Manter a paz e a seguridade internacionais e, con tal fin, tomar medidas colectivas eficaces para previr e eliminar ameazas á paz, e para suprimir actos de agresión e outros quebrantamentos da paz; e lograr por medios pacíficos, e de conformidade cos principios da xustiza e do dereito internacional, o axuste ou arreglo de controversias ou situacións internacionais susceptibles de conducir a quebrantamentos de paz.

Fomentar entre as nacións relacións de amizade baseadas no respecto ao principio da igualdade de dereitos e ao da libre determinación dos pobos, e tomar outras medidas para fortalecer a paz universal.

Realizar a cooperación internacional na solución de problemas internacionais de carácter económico, social, cultural ou humanitario e no desenvolvemento e estímulo do respecto aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais de todos, sen facer distinción por motivos de raza, sexo, idioma ou relixión.

San Francisco, 26 xuño 1945.



OBXECTIVOS:

- Manter a paz e a seguridade.
- Relacións amistosas, igualdade de dereitos e autodeterminación dos pobos.
- Cooperación na resolución de problemas internacionais.
- Centro para harmonizar os actos das nacións.

Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948)

- Art. 1. Todos os seres humanos nacen libres e iguais e dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, deben comportarse fraternalmente os uns cos outros.
- Art. 2. Toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición.
- Art. 3. Todo individuo ten dereito á vida, á liberdade, e á seguridade da súa persoa.
- Art. 4. Ninguén será sometido a escravitude nin a servidume; a escravitude e a trata de escravos están prohibidas en todas as súas formas.
- Art. 5. Ninguén será sometido a torturas nin a penas ou tratos crueis, inhumanos ou degradantes.

TRYGVE LIE
(1945-53)



DAG
HAMMARSKJÖLD
(1953-61)

U THANT
(1961-71)




K. WALDHEIM
(1971-82)



J. PÉREZ DE CUÉLLAR
(1982-91)



B. BOUTROS-GHALI
(1991-97)



KOFI ANNAN
(1997-2007)



BAN KI MOON (2007-2017)



A. GUTERRES
(2017)